



CONCELLO
DE POIO



Os Maios

os Maios

O ciclo do Maio. Tradicións

Chega a primavera! Aí vén o Maio! Todo se enche de flores!


Comezan a florecer, alá polo mes de marzo primeiro as flores brancas en árbores como as maceiras, as cerdeiras, o espiñeiro, as ameixeiras, as abelaneiras, ábrese as primeiras calas, e en menos de que cante un galo os campos énchense de pampullos en flor, de chuchameles, de flores de todas as cores, e florecen, tamén, os toxos e as xestas enchendo o monte dese amarelo tan característico!

O ciclo do Maio, entón, comeza a mediados de abril e remata a mediados de maio, aínda que hai tradicións que tamén o entroncan coa festividade de San Xoán.

Neste tempo, e dentro deste ciclo, danse en Galicia, dende tempo moi antergo, unha serie de **manifestacións culturais de tipo preventivo, propiciatorio e festivo.**

As **preventivas** teñen como finalidade previr e arredar todo aquilo que poida ser perxudicial para a familia e os seus integrantes. As segundas, as **propiciatorias**, teñen que ver con tentar favorecer o benestar da casa por medio de boas colleitas, procreación dos animais, saúde, etc... As **festivas** teñen como finalidade celebrar a fin do inverno e o comezo do bo tempo, simbolizado pola primavera.





Unha das tradicións preventivas máis coñecida celébrase na véspera do día 1 de maio, cando, según a tradición hai que colocar ramallos de xesta florida en todas as portas das casas, dise, para espantar o meigallo e protexer aos habitantes e animais da mesma. Moita xente ata pon xestas en flor nas portas e nas matrículas dos coches!

Os Maios

O Maio, según Mannhart é unha festa ou rito á fecundidade co fin de congraciarse co espírito da vexetación. É unha tradición instaurada polas primeiras agrupacións humanas que se estableceron de forma sedentaria e se adicaron ao cultivo das terras e que estableceron un ritual animista.

Créese que a orixe destes rituais ten os primeiros antecedentes no período Magdaleniense do Paleolítico Superior ou no Neolítico, etapa na que apareceron a maioría dos cultos de carácter agrario que fan ligados á fecundación e á procreación.

En Galicia, dende tempo inmemorial, esta festividade e representación animista manifestárase a través de **figuras humanas cubertas de vexetación** (flores, follas, ramas de árbores) para ir derivando, ao longo dos milenios, nos nosos **Maios figurados que adoitan ter forma de cono ou pirámide**, aínda que hai outros tipos de Maios que reproducen motivos libres relacionados co imaxinario compartido: cruceiros, hórreos, barcos, bonecos, etc...

No caso dos **Maios de Poio**, que se deron en conservar ata a actualidade, falaremos de estruturas mixtas, onde podemos atopar "O Maio" (estrutura piramidal ou cónica) e "A Coroa" (estrutura superior que adoita reproducir motivos libres relacionados co imaxinario local: estrelas, nenos/as, hórreos, cruceiros, barcos, animais, etc...)





Materiais

Para a confección dos Maios adóitanse empregar produtos locais relacionados co ciclo do Maio, e así, na armazón podemos atopar **fiúncho, laranxas, ovos de galiña, flores silvestres** propias da zona e empregadas tradicionalmente nos Maios, no seu estado natural.

O armazón adoita ter unha **estrutura natural**, principalmente feita con pólas de árbores, aínda que ás veces tamén se empregan elementos como os aros de barril de diferentes tamaños.

Soen estar atados con vimbios ou ramallos similares, de feito que adoitan ser estruturas totalmente vexetais.

Recolleita e festa

O proceso de recolleita e de montaxe dos Maios soe ser unha auténtica festa que implica a todos os membros da familia, grandes e pequenos/as, veciñanza e amizades, etc... e se soe acompañar con música e comida.

Unha vez armado o Maio, ao que se lle coloca infraestrutura para movelo e levalo ás costas, é tradicional ir o día 1 de maio, e durante as primeiras semanas do mes, a mostralo e exhibilo polas rúas, prazas, casas, cantando unhas cantigas coñecidas como "Maios" de contido cómico e satírico. No caso de Maios de Poio as crianzas venden as coplas uns días antes e no mesmo día do concurso dos Maios.



Cantigas de Maio

A festa dos Maíos ten un grande compoñente infantil, pois os nenos e as nenas son os que máis gozan de todo o proceso de recolleita, armazón e confección do Maio, así como da festa que supón ir levar o Maio polas rúas, as prazas e as casas.

Nestas festas é tradicional cantar unhas composicións musicais que se fan acompañar polo ritmo duns paus como os que podedes ver na ilustración, e que son coñecidos como “palitroques” ou “entullos”.

As letras das cantigas dos Maíos, compostas normalmente polos propios nenos e nenas, adoitan falar do Maio, contar algunha anécdota local ou meterse con algún veciño/a ao que lle foron roubar as flores ou as froitas coas que construíron o Maio:

“Para facer este Maio tivemos que ir a roubar
o fiuncho e as flores á casa de Ferradáns
o fiuncho e as flores á casa de Ferradáns
para facer este Maio tivemos que ir a roubar”

“Rapaciños desta aldea, rapaces e rapazóns
vinde ver o noso Maio que fixemos para vós
o Maíño Maio é moi pilabán
e quere que lle dean os cartos na man”

“Para facer este Maio tivemos que ir a roubar
o fiuncho e as flores á horta do Cantalán
véu o Cantalán cunha escoba vella
tirounos o Maio e dounos con ela”

“Chega xa o maio cuberto de flores
saen os paxaros cando non chove
cando non chove e hai orballo
canta o cuco arriba no prado”

“Arriba no prado as flores bailando
os nenos xogando e os merlos cantando
e os merlos cantando pardaos voando
canta o roiseñor o maio vai chegando”

“Moi bos días teñan donas e señores
fagan unha roda en prol dos cantores.
É con entusiasmo vimos a cantar
as coplas do Maio pousado no chan.
Aquí ven o Maio cargado de flores
aquí ven o Maio sementando amores.
É o mellor Maio o Maíño é
este é o Maio que anda de pé.”



O feito de ir apanhar o fiúncho, as flores, os froitos e as ramas para construír o Maio é unha festa en si mesma na que hai que agardar a que veña bo día para ir ao campo e descubrir todos os agasallos que nos trouxo a primavera despois do longo e frío inverno.

Os Maios en Poio

Malia que a tradición dos Maios foi esmorecendo co paso dos séculos e coa chegada da vida moderna e urbanita, hai moitos puntos da xeografía galega onde esta festa aínda goza de grande pulo, grazas ó traballo incansable de moitas persoas, asociacións e colectivos que traballan en prol da súa conservación, difusión e mesmo expansión, ata convertila nunha festa de grande interese sociocomunitario e tamén turístico.

Tal é o caso do Concello de Poio, un dos lugares onde esta festa goza de máis tradición, peculiaridade e calidade, e que conta cun apoio decidido do Concello, que dá cobertura a todas estas iniciativas que teñen que ver cos Maios mediante concursos, exhibicións ou festas dos Maios en diferentes puntos do concello.

Entre os Maios que participaron nas últimas edicións podemos atopar aos Maios Armadiña e Rockeiriño (Combarro), Maio Boureante (A Seara), Maio E.I. Saíñas (Saíñas), Maio Vilariño (Vilariño), Maios Fontenla e Laretas (Fontenla), Maio Marepodium (Chancelas), Maio Pimpin-Ronsel (Sartal) e Maios Maiolo e Pequemaio (Samieira).

A característica máis salientable dos Maios de Poio radica en que están compostos de "Maio" (estructura en forma de pirámide ou cono) e "Coroa" (parte superior con motivos do máis variado -escudos, hórreos, mariñeiros, mexilóns, animais, debuxos animados, etc...), e en que hai Maios adultos e tamén Maios infantís. Tamén se fan concursos de coplas e cantigas de Maio, e esta data adoita ser unha grande festa.





1



2



3



4



5



6



7




8



- 1) Maio Armadiña e Rockeiriño (Combarro)
- 2) Maio Boureante (A Seara)
- 3) Maio E.I. Saíñas (Saíñas)
- 4) Maio Vilariño (Vilariño)
- 5) Maio Fontenla e Laretas (Fontenla)
- 6) Maio Marepodium (Chancelas)
- 7) Maio Pimpin-Ronsel (Sartal)
- 8) Maio Maiolo e Pequemaio (Samieira)



os Maios



1) Localiza e debuxa un Maio nos seguintes puntos: Chancelas, Combarro, Samieira, O Sartal, A Seca, Fontenla, Sañas, Vilariño.

2) Rodea con un círculo as palabras relacionadas cos Maios na seguinte sopa de letras:

V	I	M	B	I	O	P	S	R	O
L	A	R	A	N	X	A	X	U	P
F	E	N	T	O	S	L	C	B	A
I	Z	F	H	M	A	I	O	S	M
U	M	T	D	F	I	T	R	T	P
N	U	B	A	L	I	R	O	S	U
C	A	L	A	O	M	O	A	G	L
H	R	E	X	R	Z	Q	X	R	L
O	V	O	S	E	E	U	D	X	O
L	T	Q	P	S	X	E	S	T	A

Maios Flores Pampullo Palitroque
Ovos Coroa Fiúncho Fentos Laranxa
Xesta Toxo Cala Vimbio

5) Rodea con un círculo as palabras relacionadas cos Maios

LARANXA	TELÉFONO
PANTALÓN	XESTA
UNTO	PRIMAVERA
OVOS	BOLBORETA
FIÚNCHO	PALITROQUE
ORDENADOR	PORCO

3) Relaciona as árbores cos seus froitos:

CASTIÑEIRO	ABELÁ
CARBALLO	PERA
NOGUEIRA	CASTAÑA
ABELEIRA	MAZÁ
MACEIRA	NOZ
PEREIRA	LANDRA

4) Une con frechas as follas das árbores:

FREIXO
SOBREIRA
CARBALLO
CASTIÑEIRO
ACIVRO
AMIEIRO
BIDUEIRO
FAIA
SALGUEIRO
TEIXO



os Maios

Ahi ven o maio
De frores cuberto
Puxeronse a porta
Cantandome os nenos
Os puchos furados
Pra min extendendo
Pedironme crocas
Dos meus castiñeiros
Pasai rapaciños
Calados e credos
Que o que é polo de hoxe
Que darvos non teño
Eu sonvos o probe:
O povo galego
Pra min non hai maio,
Pra min sempre é inverno.
Cando eu me atopare
De donos liberto
Que o pan non mo quiten,
Trabucos e prestemos
Que, coma os do abade,
Frorezan meus eidos
Chegado haberá enton
O maio que eu quero.
Queredes castañas
Dos meus castiñeiros
Cantademe un maio
Sen bruxas nin demos
Un maio sen segas,
Usuras nin preitos.
Nin foros nin cregos

MANUEL
CURROS ENRÍQUEZ

ILUSTRACIÓNS: Marta Quinteiro Villar
DESEÑO: Nelson Quinteiro



CONCELLO
DE POIO